



Un grupo de sete bolseiros comeza a súa formación práctica no Parlamento de Galicia

Santiago, 3 de marzo de 2016.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, recibiu este mediodía ás persoas que resultaron seleccionadas na última convocatoria de bolsas para a formación práctica de titulados universitarios na Cámara galega. Santalices Vieira deulles a noraboa por ter resultado seleccionados e animounos a aproveitar esta experiencia formativa.

Este novo grupo comezou onte a súa estadia na Cámara, que se prolongará durante os vindeiros 12 meses. Tres das persoas titulares destas bolsas formaranse en tarefas de arquivo, biblioteca e documentación, dúas en publicacións, unha en comunicación institucional e outra en xestión parlamentaria.

Esta é a sexta convocatoria de bolsas do Parlamento de Galicia para a formación práctica de persoas en posesión dun título de grao ou licenciatura universitaria.

As bolsas para a formación práctica de universitarios na Cámara galega enmárcanse nun protocolo asinado entre o Parlamento de Galicia e as tres universidades galegas en maio de 2010.

A actividade formativa que os bolseiros desenvolven na Cámara galega está tutelada polos responsables e demais persoal técnico das unidades do Parlamento de Galicia ás que son asignadas as persoas seleccionadas en cada convocatoria.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.